



CONCELLO DE VIGO
ALCALDÍA

Expediente nº 225/143

Asunto: Formación das liñas fundamentais do Orzamentos

Ano: 2023

Solicitud: Ministerio de Facenda e Función Pública

Normativa

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira coa modificación operada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro

Xustificación

O artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece que antes do 1 de outubro de cada ano, as Comunidades Autónomas e Corporacións Locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus Orzamentos, a efectos de dar cumprimento aos requirimentos da normativa europea.

O artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece que con carácter anual remitirase a seguinte información:

1. Antes do 1 de outubro de cada ano:

- a) As liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio seguinte ou dos estados financeiros.
- b) O estado de previsión de movemento e situación da débeda.
- c) A información que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos das liñas fundamentais do Orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento, calculada conforme ás normas do Sistema Europeo de Contas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/09/2022 10:04	Páxina 1 de 3
225-143	CSV: A8ADB4-B92E86-41EH56-XE6N6X-EHE7VT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
ALCALDÍA

Expediente nº 225/143

d) O informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade, da regra do gasto e do límite de débeda.

Tendo en conta os requirimentos e a data de remisión da mesma, adoptase a seguinte Resolución:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De acordo co disposto no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira coa modificación operada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, o Ministerio de Facenda solicita a través da oficina virtual coa data límite do 14 de setembro, a remisión das liñas fundamentais do Orzamento do ano 2023, polo que,

DISPOÑO

PRIMEIRO.- Que en virtude da Resolución desta Alcaldía de data 18 e 26 de xuño de 2019, texto consolidado do 4 de setembro de 2020, sobre as Delegacións de competencias, será o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda quen elabore as directrices sobre a formación das liñas fundamentais do Orzamento do ano 2023.

SEGUNDO.- En cumprimento do contido da Resolución do Sr. Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, Persoal e Contratación de data 25/02/2016, solicítase da Dirección Superior Contable e Orzamentaria, a elaboración e os documentos para a aprobación das liñas fundamentais do Orzamento do ano 2023 e proceda a súa incorporación á plataforma do MINHFP para a súa sinatura polo Sr. Interventor Xeral.

TERCEIRO.- Formúlese proposta para a súa aprobación por Resolución da Alcaldía Presidencia.

CUARTO.- Remítase o expediente á Intervención por si tivese que emitir informe sobre a proposta.

QUINTO.- Incorpórese proxecto de Resolución para a súa aprobación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/09/2022 10:04	Páxina 2 de 3
225-143	CSV: A8ADB4-B92E86-41EH56-XE6N6X-EHE7VT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
ALCALDÍA

Expediente nº 225/143

SEXTO.- Unha vez que se teña tramitado o expediente, será o Sr. Interventor a quen lle corresponda a sinatura electrónica e remisión da información dentro do prazo previsto, que remata o día 14 de setembro ás 24 horas.

SÉTIMO.- Dese conta ao Pleno da Corporación da Resolución de aprobación das Liñas fundamentais do Orzamento do ano 2023.

En Vigo, a data da sinatura electrónica:

O Tesoureiro Municipal-Director Superior Contable e Orzamentario: Luis García Alvarez

O ALCALDE:
ABEL R. CABALLERO ÁLVAREZ

Dou fe, a Secretaria Xeral da Xunta de Goberno Local: Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/09/2022 10:04	Páxina 3 de 3
225-143	CSV: A8ADB4-B92E86-41EH56-XE6N6X-EHE7VT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		